

Os talasónimos da Costa Ártabra.

Colleitas de nomes mediante entrevistas a xentes do mar

VÍTOR GARABANA BARRO

vgarabana@gmail.com
www.acorunha.org

1. INTRODUCCIÓN

Penso que a maioría dos galegos coñecemos nomes de lugar que non veñen nos mapas xerais, algúns deles nin sequera nos mapas topográficos. Trátase dos nomes de lugares máis pequenos (*microtopónimos*): parroquias, lugares, montes, veigas, searas, agras, rueiros, casais, regatos, muíños, etc. E por outro lado, moitos dos nomes que aparecen nos mapas veñen cambiados, traducidos, mal traducidos ou deturpados.

O mesmo acontece cos nomes de lugares no mar e na costa, os *talasónimos*: furnas, penas, insuas, baixos, puntas, praias, abras, etc. Os nomes dos accidentes máis pequenos non aparecen nas cartas náuticas porque non son relevantes para a navegación. Os maiores, tal como en terra, en moitos casos están deturpados.

Neste artigo mostro e describo algúns dos termos que apañei, quer persoalmente mediante entrevistas a mariñeiros coñecedores da Costa Ártabra (entre as Illas Sisargas e Cedeira), quer indirectamente por acceso aos resultados de traballos similares desenvolvidos por outras persoas.

2. A MUDANZA DOS TOPÓNIMOS POR PARTE DAS AUTORIDADES

Nos mapas terrestres e nas cartas náuticas aparecen os nomes que deciden os que teñen a potestade oficial de rexistralos. Durante os últimos séculos esas persoas non falaban galego: polo contrario, considerábano indigno, desprezábano.

Os que foron construíndo mapas e cadastros, fosen funcionarios, cregos, enxeñeiros ou

xeógrafos e militares, eran sempre forasteiros ou nativos ben ensinados en castelán. Sempre crían ter dereito a mudaren os nomes dados polo pobo galego aos seus lugares. O que non se atreverían a facer noutras terras atrevíanse –atrévense– a facelo nunha terra cuxa lingua era –para moitos aínda é– considerada indigna.

O tratamento irrespectuoso da toponimia provoca un proceso caótico con resultados desiguais (Sánchez Rei 2012): substitucións de nomes, traducións parciais, traducións completas, deturpacións, etc.



Punta Candeeira. O seu nome foi traducido a “Candelaria” (foto: www.turgalicia.com)

Os nomes do mar non zafaron dese proceso e moitos deles aparecen deturpados nas cartas náuticas. Alén diso, na costa temos miles de pequenos accidentes que nin sequera se mencionan nas cartas, porque non son importantes para a navegación. Mais teren nome, téñeno. Porque hai persoas para as que son importantes, son o seu medio de vida: persoas que andan ao mar, mariscan, apañan argazo, pescan na ribeira, etc.

3. AS RECOLLEITAS E A PUBLICACIÓN. MÉTODO

Acho que é preciso recoller os talasónimos transmitidos na oralidade por dúas razóns: para recuperarmos os nomes orixinais dos accidentes maiores e para documentarmos os nomes dos accidentes máis pequenos, actualmente sen documentar e en risco de seren esquecidos.

Os mariñeiros vellos navegaban a remo e vela e máis tarde a motor, imaxinando “marcas” e “postas”, dando nomes para describiren, recordaren e transmitiren oralmente. Dese coñecemento dependían as capturas e por tanto o seu medio de vida. Hoxe os mariñeiros novos poden usar o GPS e localizar os puntos de pesca cunhas coordenadas no mapa. A dependencia do coñecemento descritivo e nominativo é menor.

Pódese pensar que, polo contrario, as persoas que percorren a costa a pé para faceren as capturas van continuar coa transmisión oral dos nomes, pois non van usar o GPS. Mais hai que ter en conta que nos últimos anos a escola e os medios de comunicación están exercendo unha forte *asimilación españolizadora* da poboación galega. Isto afecta o mesmo ás persoas que traballan embarcadas e ás que percorren a costa. Pode acontecer que vaian trocando os vellos nomes por outros novos en español porque acaben por non entender os vellos significados descritivos en galego.

O método de recolleita usado por min é sinxelo: entrevisto os informantes cunha gravadora e unha carta náutica. Pido que me dean todos os nomes que lembren dunha zona da costa, indicando explicitamente que prefiro os nomes tradicionais, nomes en galego e mellor “os máis antigos”.

Hai que ter en conta que en moitos casos os informantes coñecen dúas versións dun nome para a mesma punta, cabo, etc. Unha é a versión orixinal do nome, aprendida por tradición oral, que usan no seu traballo e no seu ambiente. A outra é a versión deturpada “aprendida” das autoridades: por exemplo para pasaren os exames de patrón, no servizo militar na Mariña, etc.

Para o contraste dos nomes recollidos uso cartas náuticas actuais e antigas (véxase § 8.3). Para a publicación uso unha páxina web cunha

ligazón a Google Maps e un blogue para os comentarios (Garabana 2013-2014).

No momento de publicar fago hipóteses sobre a orixe ou razón dalgúns dos nomes á vista dos seus significados dados por varios dicionarios na Internet (véxase § 8.2).

4. SOBRE O LÉXICO MARIÑEIRO

Penso que o vocabulario galego do mar está moi restrinxido ao mundo mariñeiro tradicional e, como acontece co agrícola, o seu uso está recuando.

Por exemplo, hoxe nas peixarías xa é difícil que os nomes dos peixes estean etiquetados en galego. Ocorre que peixeiros e peixeiras fan a “tradución”: coñecen os nomes galegos para mercaren nas lonxas e os nomes casteláns para a venda nos seus negocios. Unha peixaría actual comprará, poñamos, unha caixa de *robalizas*, *panchos* ou *xardas* na lonxa e venderá *lubinas*, *besuguillos* ou *caballas* aos consumidores.

Non sei canto deste fenómeno se pode deber ás normas de etiquetaxe comercial e canto á deficiente educación en galego dos consumidores (cidadáns). En todo caso, é consecuencia do proceso de substitución lingüística que se está a producir en Galiza.

O exemplo exposto corresponde a unha fronteira, unha interface entre o mundo mariñeiro tradicional e o resto da sociedade galega. Está a actuar tamén de fronteira lingüística.

Nalgúns casos, as palabras do mundo mariñeiro son descoñecidas para as persoas de terra, mesmo galegofalantes, porque nin sequera coñecen o concepto que designan.

Un exemplo disto: *xingar* ou *remar á xinga*: que significa? Estou certo de que calquera mariñeiro de Galiza o sabe! Pódese consultar o significado de *ginga* no dicionario (Estraviz) ou no portugués (Priberam): dos dicionarios en liña consultados para este traballo estes son os únicos que recollen o termo. Significa ‘remar bambeando un só remo nun encaixe da popa’.

Algúns dicionarios galegos inclúen o termo, para a acepción mencionada, coa grafía *chingar* (DdD). Isto faime sospeitar que a acepción sexual de *chingar* poida vir da similitude co mo-

vemento bambeante. E refórzame esa sospeita o feito de que, alén de remar cun só remo, que é significado común en Galiza e na lusofonía, *gingar* nos países de fala portuguesa tamén significa ‘bambeo o corpo ao andar ou bailar’ (Priberam).



As Croas no esteiro do Eume

Noutros casos os galegofalantes de fóra do mundo do mar usan, inclusive en libros e documentarios, termos do castelán que eu nunca ouvín no mundo mariñeiro. Mesmo que algúns deses termos poidan aparecer en dicionarios galegos, eu nunca ouvín chamar *marismas* ás *xunqueiras* (RAG), as *brañas* (Estraviz) e as *croas* (Estraviz) que hai no interior das rías. Tampouco ouvín ningún mariñeiro chamarlle *cala* a unha *abra* (RAG) ou *angra* (DdD). Nin dicir “a boca da ría” en vez da “*boca* (RAG) da ría”.

Na conversa cos amigos mariñeiros para facer este traballo, escoitei por primeira vez a palabra *toca*, que é un tobo ou laño entre as pedras onde se agochan os congros ou outros peixes. É palabra que vin recollida en varios dicionarios: Eligio Rivas (DdD), Estraviz e Priberam.

Foi tamén a primeira vez para min a ouvir *múa* co significado de “mula”: recóllena os dicionarios Estraviz e outros (DdD). Hai un baixo ao lado da Marola que é o *baixo da múa* e recaláronme o nome e o significado, contándome que algúns a chaman incorrectamente “a moa”.

Escoitei expresións que me gustaron: por exemplo, para indicar que nun lugar se larga o aparello ben pertiño de terra, ao pé da costa: “aí

lárgase *terriña* de todo”. Ou cando hai mar de fondo, con ondas ben formadas de altura (non mar picado), ouvínllas “cando o mar *alomba*”, ou “se che dá un *lombo* de mar de costado...”.

Falando dunha das praias, comentábanme: “nesta hai *touzas* no fondo, que che rompen o aparello”. Pergunteilles o significado: para eles unha *touza* é unha pedra máis ou menos grande que está no fondo, no medio da area, que non é redonda senón que ten solapa onde se pode prender a rede. Pódese ver cun significado parecido no dicionario da RAG e no Estraviz.

Outra palabra que eu non ouvira antes e vén nos dicionarios: as *xogas* (RAG) son pedras pequenas e redondas, coma seixos que hai no fondo, nos lugares onde o mar traballa moito. É que *xogan*, móvense co mar. Os mariñeiros séntenas no aparello e inclusive pódennles vir para arriba.

E cando lles perguntei que para onde ían máis veces traballar, se para N ou para S, explicáronme que eles din doutra maneira: ir para norte ou ir para *vendaval*. *Vendaval* significa SO, pois os temporais de vento na nosa costa veñen principalmente desta dirección. Efectivamente partindo das rías ártabras, pola forma da costa, durante moitas millas non se pode navegar cara ao S, senón cara ao *vendaval*.



Do Golfo Ártabro,
vas para norte ou vas para vendaval

Desde aquela puíden observar o uso de *vendaval* como punto cardinal SO en varios lugares: cancioneros, varias ocorrencias no (TILG: *vendaval*), “Costa de Vendaval” na Seaia (Abella Chouciño, Toponimia Sisargas) e mesmo ao vivo (Vídeo Polafias AELG 2012).

5. OS TALASÓNIMOS

Hai unha diferenza fundamental entre os talasónimos e os topónimos. Como os mariñeiros de todos os portos andan por todas partes, non hai propiedades reservadas, todos nomean. No nome dos accidentes maiores acostuman coincidir todos. Porén, cando o accidente é pequeno (unha punta, unha pena), pode haber varianza: pode ser coñecido cun nome diferente polos mariñeiros de diferentes portos.

Os nomes en moitos casos pretenden reflectir unha característica importante para a pesca: por exemplo se no fondo hai area, lodo ou rocha (o Areoso, a Laxe de Chás); algunha característica da costa que sirva de marca: o Corval (DdD), a Arnela (RAG), a Rabaleira (Estraviz), o Bico (RAG); o tipo de peixe que se dá nese sitio: os Merlós, de merlón (RAG), punta Angueira, de anguía (RAG), a Robaleira, de robalo (RAG), etc.

Tamén observei un fenómeno que é lóxico: a densidade de nomes que dan os mariñeiros desce cando a costa a nomear está máis lonxe do seu porto.

Outras persoas que nomean a costa son as que mariscan e apañan argazo. Ou as que pescan cun bote pola costa, nun pequeno espazo. Abranguen treitos menores pero nomean cunha gran densidade de nomes, maior que as de embarcacións maiores.

5.1. AGOCHOS ENTRE AS ROCHAS: GABEIRAS, LAPAS E LAÑOS

As illas Gabeiras, están na praia de Ríos. Co mesmo nome hai máis illas: unha ao pé de S. Andrés de Teixido e outra máis entrando a Celeiro, na ría de Viveiro; tamén unha punta Gabeira na parroquia de Pantín (Valdoviño).

Gaveiro, segundo Eligio Rivas (DdD), é un suco na area feito pola auga. Segundo Estraviz, *gabeiro* é unha “concaidade ou oco das rochas de costa onde vive o polvo”. Tamén segundo Aníbal Otero (DdD) é unha cova onde se agocha o polbo. Ese autor, como no dicionario da RAG e no Priberam, dá *lapa*, *paleira* e *lapeira* como sinónimos de *gabeiro* e indica que a *lapa* se diferencia do *laño* en que este é máis profundo.

As Lapas é unha praia na Coruña, ao pé da Torre. Podíase pensar neses moluscos de forma cónica que se prenden ás pedras, mais nesta zona son chamados máis a miúdo *cucos* ou *arneirón*. Eu penso que o nome da praia se referirá máis ben a esas covañas ou furados debaixo das pedras onde se agochan polbos e peixes.

No excelente traballo realizado na costa sur de Vilar Pedreira (2008), entre Baiona e A Guarda, aparecen os nomes A Lapa falsa, O Lapón, A Furna do Lapón, etc., ao lado de moitos Laños: Laño do Congro, Laño do Orosio, Laño da Alada, etc. Parecen ter a mesma raíz que Lapa, un Lapidio (DdD) de Terra que hai na costa exterior da Coruña e unha Punta do Lapide que hai na ría de Ares. Lapidoso é pedregoso (Estraviz).

5.2. SOBRE CERCADAS, INSUAS, ILLAS E COÍDOS

Todos eles son nomes que se repiten moito. Polo que escoitei, *cercada* fai referencia a unha abra ou unha praia rodeada. Por exemplo, unha praia fica cercada cando a maré sobe e a única saída é polo mar, nadando ou en barco.

Nesta zona da costa úsanse ambas palabras *insua* e *illa*. *Insua* para illas pequenas, como a *Insua de Mera*, pero tamén co sentido de península: por exemplo a *Insua da Carboeira*, ou a *Insua* entre a Ponte do Porco e o Pedrido. Fun tamén informado da existencia dunha *Ansuela* na ría de Betanzos que ben podería tratarse dunha *insuela*.

Exemplos de *Illas* son as *Sisargas* en Malpica e as *Gabeiras*.

O *Coído* (perto de Redes) é un exemplo dos tantos outros que hai por toda a costa galega, é unha praia feita de coios (croios). En Covas recolleron a variante *coidal*. Porén, por aquí a palabra *con* escasea (eu só vin rexistrado un *Con Cagado*, perto de Cedeira), ao contrario da *Arousa* onde abunda para designar pelouros grandes que sobresaen da auga.

5.3. CURBEIROS, CORVEIROS, CABRAS E CREBAS

Nas rías de Ares e Betanzos hai varios *Curbeiros*, *Corveiros*, *Corbeiroas*, xunto a *Carboeira*, *Carbón/Cabrón*, *Cabritas*..., e *Curbeira* é un apelido habitual na zona.

Pode que algún deles proveñan dunha mesma raíz pre-latina pois son parecidos, mais é unha hipótese que requiriría estudo especializado. Eu procurei significados nos dicionarios actuais.

Curveiros ou Curveiriños (perto de Redes); os Curbeiros de Miño e a Punta Corbeiroa son na ría de Betanzos. Eligio Rivas (DdD) di que no Salnés chaman *curveiro* ás rochas grandes de forma ovoide. Estraviz acepta *corveiro* como “mexilhóm que medra nas pedras”. O Priberam define *curveiro* como “[Regionalismo] Redemoinho de água, no mar”. Das tres, a que me parece máis aplicable como talasónimo é a primeira, a rocha grande.

Na costa de Dexo, ao pé da Marola, están a punta e a pena do Corval, sinónimo (DdD) de Corveira: lugar onde hai moitos corvos. Non é estraño ver corvos na beira do mar, tanto corvos de terra como corvos mariños (canilongas).



Illa da Carboeira ou Pena da Herba

Illa da Carboeira. Non imaxino que pode ter que ver co carbón; non será variante de Corveira? Non lonxe de alí é a pena do Cabrón, tamén coñecida como Pena Fesa (pois está fendida á metade) ou Illa das Tetas. Aínda que nas cartas vén como Illa do Carbón, os mariñeiros non teñen dúbida: é o Cabrón.

A Punta das Cabritas tamén é perto de alí. Nalgunha carta vén como Punta das Crebitas, o que daría pé a relacionala con crebas (restos arrastrados polo mar). Vin que no cabo Touriñán existe outra zona chamada “Costa das Cabras”, non obstante a min cústame crer que estes nomes teñan que ver coas cabras: polo menos agora non abundan na costa.

5.4. OUTROS NOMES RECOLLIDOS

O Couce de Miño é o nome informado para unha punta que separa as praias grande e pequena dese concello. Nos dicionarios unha das acepcións é ‘extremo, cabo’ (Estraviz, DdD). Cando perguntei aos mariñeiros, dixéronme que para eles un couce é “unha volta”, unha punta redonda.

Carreiros: son pequenos canais entre rochas, como os existentes nas Illas Sisargas: Carreiro de Estádiga, Carreiro do Esteirón (Abella Chouciño, Illas), ou tamén sucos deixados polos aparellos de arrastre no fondo, como o Carreiro de Campelo.

Meixóns: son pedras que descubren coa maré baixa e son cubertas coa preamar. É talasónimo en varios puntos das Illas Sisargas (Abella Chouciño, Illas).

A Galera: nomea un conxunto alongado de pedras na Coruña e tamén outros conxuntos de pedras de forma similar nas Illas Sisargas: a Galera de Terra e a Galera de Mar. Se callar podía ser que a forma lembra as vellas embarcacións do mesmo nome.

O Esteo: é un baixo profundo que hai na ría de Ares, non queda nunca ao descuberto. Polas súas características coincide coa descrición dun *cabezo*. Está ao pé doutro baixo menos profundo: a Laxe. Un dos informantes indica que pode ser o “apoio” da laxe, como se fose un esteo dunha estrutura.

O Salseiro: é unha pedra na praia de Marín (Perbes). Popularmente se coñece por salseiro unha choupada de auga de mar que salta a bordo cando unha embarcación vai galgando nas ondas. É xa menos popular o uso da palabra *salsa* co significado de auga do mar, se ben estaba vivo até hai ben pouco: “Trouxo a roupa toda encoirada da salsa”, “A roupa mollada coa salsa non seca nin tendida ao sol”. Eu sospeito que mentres tiña vigor ese significado de *salsa*, as comunidades mariñeiras mantiñan as denominacións *mollo/prebe* para os líquidos das comidas. E que a perda de vigor do seu significado mariñeiro permitiría que o significado castelán de *salsa* desprazase o uso de *mollo/prebe*.

A Auga Mexa era un regacho que caía en caídoiro no mar, perto de Ares; permanece o nome. Similares son a Auga Mexa na costa do Prioiro (Mapa da Costa de Covas), un Mexote na costa de Boebre e a Mexa Vella no lugar da Eira Vella, Monfero. Henrique Dacosta, ao comentar os topónimos de auga, di que se callar *mexa* non ten que ver co verbo *mexar* senón con *mexer*: sería porque a auga vai remexida con lama (Dacosta 2005).

A Pía de Ombre, no esteiro do Eume. *Pía* nos dicionarios ten o significado dual de ‘recipiente grande para a auga’ (RAG) ou ‘unha morea, un medeiro, por exemplo de herba, toxo, estrume’ (DdD). Chamarase así por ter o río nese lugar moita profundidade? A mesma explicación poderíase dar ao nome das Pías que hai na ría de Ferrol?

Cabo da Pía está a Pillada. Unha *pillá* é unha morea, un medeiro, por exemplo de herba, toxo ou estrume (DdD). Isidoro Millán no seu estudo da toponimia eumesa (Millán 1987) non cre que a Pillada veña de *apillada*, porque non existe *apillar* senón *empillar* (RAG e DdD). Ora ben, o Priberam mostra *apilhar* como sinónimo de *empilhar*.

As praias da Arnela Vella e da Arnela Nova están a carón de Sada. Unha *arnela* (Estraviz) é unha praia entre montes, na que desemboca un río.

6. ALGUNHAS TRADUCIÓNS OU DETURPACIÓNS DE NOMES ORIXINAIS

É importante visibilizalas, pois ao seren accidentes xeográficos son menos percibidos pola opinión pública que no caso dos nomes de po-boacións.

Prior e Prioiriño: xa lin e escoitei varias persoas de Ferrol, sensibles coa situación da nosa lingua, a protestaren cos nomes “Prioiriño grande” e “Prioiriño chico”, porque crían que o primeiro era o nome de substitución dado a Prior e o segundo a Prioiriño.


En realidade, nas cartas náuticas chaman “Prioiriño grande” e “Prioiriño chico” ás dúas puntas dun mesmo cabo que está na boca da ría de Ferrol. E chaman “Cabo Prior” a outro cabo que está máis ao norte, na parroquia de Covas.

Bon, pois eu creo que a indignación é xustificada xa que hai substitucións dos nomes orixinais, mais acho que non exactamente as substitucións que esas persoas pensan.

6.1. O CABO PRIOR REALMENTE SE CHAMA CABO PRIOIRO

O cabo que nas cartas vén como Prior realmente se chama o Prioiro. Máis exactamente, é o Cabo do Monte do Prioiro. “...e a penas esquecera a palpitación do mar na roca de Ouessant cando unha semellante harmonía vestía de espuma os cabos galegos: Ortegal e *Prioiro*”, dinos Otero Pedrayo cando Adrián Solovio volve por mar de Bélxica a Galiza, no capítulo XIV de *Arredor de si*.

O Prioiro é o nome da aldea que está ao pé do Monte do Prioiro e de aí vén o nome do cabo. (Véxase o *Mapa toponímico* da Sociedade Cultural Columba). Xa aparecía como “Monte do Cabo do Prioiro” no mapa de Pedro Teixeira (1634) e como “Cabo Prioiro” en varios posteriores (Bernardo Gómez 1639, Julián Sánchez 1767, *Carta náutica* 1777, *Mapa da costa* 1800), a pesar de todos estaren castelanizados.



Cabo do Prioiro e os Cabalos (foto: www.sociedadecolumba.com)

Cando procurei a palabra prioiro non a atopei en dicionario ningún, mais no Tesouro da Lingua Galega (TILG: *prioiro*) pódese ver que Otero Pedrayo e Ramón de Valenzuela a usaron co significado de ‘superior dunha orde relixiosa’. Prioiro é daquela un sinónimo galego de prior.

A razón do nome é que na Idade Media había neste lugar unha congregación relixiosa dependente do mosteiro de Sobrado dos Monxes, a cargo dunha graña –Graña da Reparada– ligada a un portiño baleeiro existente ao pé do cabo, na abra da Pena Roiba. Aínda fican outras pegadas na microtoponimia: Casa do Frade, Porto Vello ou Suagraña (de so a graña). Isto explica o Monte do Prioiro e consecuentemente o “Cabo do Monte do Prioiro” (Dacosta 2009).

6.2. O CABO PRIORIÑO REALMENTE SE CHAMA O PIEIRO



Localización do Prioiro e do Pieiro, na costa de Ferrol

Así me informaron os mariñeiros: é o Pieiro e non Prioriño. O topónimo o Pieiro tamén se conserva como nome da aldea que está no alto do cabo. Non é un nome único na costa: na illa Sisarga Grande hai outra punta menor chamada o Pieiriño.

O Pieiro ten dúas puntas: A Sapa do Pieiro (ou Pieiro grande) e o Pieiro (ou Pieiro Pequeno) segundo os mariñeiros; Prioriño grande e Prioriño chico segundo as cartas náuticas actuais.

Un *pieiro* segundo os dicionarios é algo que pía, asubía ou clama (Estraviz) ou un pío grande, como os de salgar sardiñas (DdD).

O proceso de substitución de Pieiro por Prioriño parte da confusión co nome do Prioiro, pola súa vez castelanizado en Prior.

Pódese seguir a historia nas cartas: Prioiro pequeno (Bernardo Gómez 1639), Pieiro pequeno (Tres Rías 1750) e Prioriño nas posteriores (Julián Sánchez 1767, *Carta Náutica* 1770, Vicente Tofiño 1787). Porén no *Mapa de costa* (1800), a pesar de estar tamén castelanizada, líbranse dese erro e noméano correctamente cos seus extremos: Pieiro grande e Pieiro pequeno.

Para finalizar alguén alcuñou os seus dos extremos cun toque de castelán castizo “grande y chico”.

6.3. A PRAIA DO PALLEIRO E PRAIA DE RÍOS

A praia do Palleiro é no norte de Ferrol. Coñecida así polos mariñeiros, é coñecida pola xente de terra como Praia de Doniños (parroquia na que se encontra); ese nome é o que consta nas cartas náuticas actuais. Nos mapas de Teixeira (1634) viña como Areal da Palleira. No *Mapa da costa* (1800) aínda vén Ría de Palleiro.

A praia de Ríos, que para os mariñeiros é a seguinte indo cara ao norte, é coñecida polos de terra como Praia de San Xurxo porque pertence á parroquia de San Xurxo da Mariña. Nas cartas actuais vén como Playa de San Jorge; vén como Arenal de San Jurjo na de Julián Sánchez (1767) e pódese ver Ría de Ríos e Monte de San Jurjo no *Mapa da Costa* (1800).

Ambas son exemplos de nomes diferentes dados pola xente de mar e pola xente de terra, no que constitúe unha fronteira de puntos de vista (a costa) que loxicamente pode converterse nunha fronteira terminolóxica, mais non ten por que ser unha fronteira entre linguas.

7. A MODO DE RESUMO

Alén da gran cantidade de correccións pendentes nos talasónimos principais, hai unha inmensa cantidade de microtalasónimos por recoller e rexistrar. A riqueza lingüística, cultural e

inclusive etnográfica que se pode derivar do seu estudo fai deles un verdadeiro tesouro.

A información está accesible, é lingua viva. Mais probablemente non por moito tempo, polo que o rexistro e a publicación son urxentes. Con este artigo quero dar visibilidade á miña

pequena contribución para os visualizar, labor que considero aberto.

Non debemos deixar de reivindicar a restitución dos nomes orixinais e o seu uso normal e pleno, como dereito e como oportunidade para mantermos a nosa cultura viva.

8. FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

8.1. PUBLICACIÓN NA INTERNET DOS TALASÓNIMOS RECOLLIDOS

ABELLA CHOUCIÑO, Adrián: *A Illa, toponimia dun mar fronteirizo. (Talasonimia das Illas Sisargas)*. Malpica de Bergantiños (<http://tinyurl.com/sisargas>).

GARABANA BARRO, Vitor (2013-2014): *Mapa dos nomes recollidos na Costa Ártabra* (<http://www.acorunha.org>).

——— (2013-2014): *Comentarios en liña sobre algúns dos nomes recollidos na Costa Ártabra* (<http://misturasepetiscos.blogaliza.org>. Entradas: <http://tinyurl.com/artabra> e <http://tinyurl.com/artabra2>).

RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, Roberto / Xosé Lois VILAR PEDREIRA (2006): “Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a Panxón”, *Revista Ardentía* 3, pp. 43-56 (<http://tinyurl.com/ardentia>, en <http://www.culturamaritima.org/>).

SOCIEDADE CULTURAL COLUMBA: *Mapa Toponímico da Parroquia de Covas*. Covas (<http://www.sociedadecolumba.com/gm/>).

VILAR PEDREIRA, Xosé Lois (2008): *Talasonimia da Costa Sur de Galicia*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos (www.minhor.org; documento: <http://tinyurl.com/toponimiaSur>).

8.2. DICCIONARIOS EN LIÑA E CORPUS CONSULTADOS PARA ESTE TRABALLO

DdD = *Dicionario de dicionarios*. Instituto da Lingua Galega (<http://sli.uvigo.es/DdD/>).

Estraviz = *Dicionário Electrónico Estraviz*. Isaac Estraviz (<http://www.estraviz.org/>).

Priberam = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (<http://www.priberam.pt/dlpo/>).

RAG = *Dicionario da Real Academia Galega* (http://www.realacademiagalega.org/diccionario_rag/).

TILG = *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/TILG/>).

8.3. MAPAS E CARTAS NÁUTICAS CONSULTADAS.

TEIXEIRA, Pedro (1634): *Mapas da Costa Galega* (<http://www.culturagalega.org/imaxes/docs/teixeira.pdf>).

GÓMEZ, Bernardo (1639): *Plano da Ría de Ferrol* (<http://tinyurl.com/ria1639>).

[s. a.] (1750): *Plano das Tres Rías. Carta náutica* (<http://tinyurl.com/ria1750>).

SÁNCHEZ, Julián (1767): *Plano das Tres Rías. Carta náutica* (<http://tinyurl.com/ria1767>).

[s. a.] (1770): *Plano da Ría de Sedeira e das Tres Rías. Carta náutica* (<http://tinyurl.com/ria1770>).

TOFIÑO, Vicente (1787): *Plano das Tres Rías. Carta náutica* (<http://tinyurl.com/ria1787>).

[s. a.] (1800): *Plano das Tres Rías. Mapa da costa* (<http://tinyurl.com/ria1800>).

INSTITUTO HIDROGRÁFICO DE LA MARINA (2005): *Carta 412A: “Rías de Ferrol, Ares, Betanzos y La Coruña”*. Cádiz.

INSTITUTO HIDROGRÁFICO DE LA MARINA (2001): *Carta 412: “De la Punta Frouxeira a las Islas Sisargas”*. Cádiz.

8.4. ESTUDOS E MONOGRAFÍAS CONSULTADOS

ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (2012): “Polafías” (<http://tinyurl.com/vendaval>, en www.aelg.org).

CABEZA QUILES, Fernando (2001): *Os nomes da Terra: Topónimos galegos*. Noia: Toxosoutos

DACOSTA LÓPEZ, Henrique (2004): *Unha pequena cata na toponimia de Covas*. Covas: Sociedade Cultural Columba (<http://tinyurl.com/cataCovas>, en www.sociedadecolumba.com).

——— (2005): *Sobre topónimos de auga e algo máis*. Covas: Sociedade Cultural Columba (<http://tinyurl.com/augaCovas>, en www.sociedadecolumba.com).

——— (2009): *A volta a Covas en 500 topónimos*. Covas: Sociedade Cultural Columba (<http://tinyurl.com/500Covas>, en www.sociedadecolumba.com).

MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro (1987): *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz*. A Coruña: Deputación.

SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (2012): “A vontade do colonizador de nomear os territorios que ocupa”, *Terra e Tempo* (<http://tinyurl.com/vontadeNomear>, en www.terraetempo.com).